



CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E ADDITUM BLOCKCHAIN S.L. PARA A ORGANIZACIÓN DO ACTO DE ENTREGA DA V EDICIÓN DOS PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE 2025 NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica, DECLARA:

Que a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizou, o día 26 de setembro de 2025, coa entidade ADDITUM BLOCKCHAIN SL o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia dende o día seguinte ao da sinatura ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar coa organización do acto de entrega da V edición dos Premios de innovación en saúde 2025 no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que polo Decreto 112/2015 do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS), adscrita a Consellería de Sanidade. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovacións e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

Que segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

Que Additum Blockchain S.L. é unha empresa que está centrada na optimización da creación de valor en saúde mediante o uso das novas tecnoloxías, co obxectivo de optimizar os procesos asistenciais e facilitar o traballo dos profesionais sanitarios, creando novos modelos de procesos de atención sanitaria que, optimizando a creación de valor, permitan unha mellora significativa da eficiencia en termos de valor creado ao paciente, facilitando a práctica dunha



medicina preventiva, predictiva, participativa e personalizada.

Que o presente convenio formalizouse ao amparo do establecido no artigo 48.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que "As administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios cos suxeito de dereito público e privado, sen que elo supoña unha cesión da titularidade da competencia", e de modo específico, no artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, no que se regulan os "Convenios de colaboración empresarial en actividades de interese xeral" e en cuxo apartado 1 establecece que *"Entenderase por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral, aos efectos previstos nesta lei, aquel polo cal as entidades as que se refire o artigo 16, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, xa sexa dineraria, en especie ou consista nunha prestación de servizos realizada no exercicio da actividade económica propia do colaborador, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador en ditas actividades. Esta difusión poderá ser realizada, así mesmo, polo colaborador. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración definidos neste artigo non constitúen unha prestación de servizos"*.

Os premios de Innovación en Saúde son una iniciativa da ACIS para poñer en valor e incentivar as ideas de innovación dos profesionais do sistema sanitario público galego e no seu sector público, para mellorar a calidade de vida das persoas e a sustentabilidade do sistema sanitario público galego. Así mesmo, coa finalidade de impulsar a participación dos pacientes nos procesos de I+D+i e nas incorporacións na sanidade pública, os premios prevén unha categoría de ideas presentadas directamente por persoas físicas, asociacións ou organizacións de pacientes para os efectos de que poidan ser postas en marcha dentro do sistema sanitario público de Galiga.

A concesión destes premios efectúase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a súa tramitación realizarase con suxeición ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e, no que poida ser aplicable, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e





2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

